

Víctor Pablo Pérez



Música clásica para todos os públicos

É director da Orquestra Sinfónica de Galicia e un dos mellores directores do panorama musical español. Cre que para atraer o público hai que ofrecer concertos de calidade, e que o mellor investimento para que todos os cidadáns e cidadás se beneficien da música é vivila dende a infancia e practicala nos colexios. Móstrase optimista co momento actual e cre que España se puxo nos últimos anos na vangarda orquestral equiparándose aos países europeos máis avanzados.

Texto_ **Gena Borrajo**

Fotografía_ **Fernando Bellas**

Goza de boa saúde a afección pola música?

Si, cando os concertos son da máxima calidade percíbese un interese crecente e un bo nivel de asistencia. Hoxe o público é moi selectivo porque existe abundante oferta cultural e só acode cando o espectáculo vale a pena. Por iso nós coidamos moito a elaboración dos programas e intentamos que teñan boa calidade e conecten ben coa xente.

A música clásica segue sendo para as elites, ou vanse enganando as clases máis populares?

É verdade que hai anos a música clásica se vinculaba á alta sociedade ou a certa burguesía, mentres que as clases populares permanecían á marxe. Isto cambiou e hoxe acode aos concertos sinfónicos xente de todo tipo. A nosa programación para este ano, por exemplo, inclúe a integridade das sinfonías de Beethoven e espertou un enorme interese, o que pon de manifesto que hai fame de coñecer e escoitar boa música.

Hai tempo vostede dicía que había que desprenderse do complexo de "Cincenta" que tiña España. Superouse xa este complexo?

Sen ningunha dúbida. España é un país moderno e moi potente en Europa, en todos os aspectos, incluída a economía. Entre todos conseguimos ilusionar a sociedade, e con esa forza mostrámonos en moitos ámbitos. No referente á música déronse alancadas. Nas dúas últimas décadas levouse a cabo a rehabilitación de case todos os antigos teatros á italiana e construíronse arredor de 50 auditorios novos. Nestes momentos Galicia posúe máis dun nalgunha das súas vilas máis importantes. Santiago de Compostela, por exemplo, conta con dous, e na mesma Cidade da Cultura está proxectado

un novo teatro da ópera. Por outra parte, A Coruña ten dous auditorios, o Pazo da Ópera e Palexco; e dous teatros, o Rosalía e o Colón, ademais do Coliseum que é un espazo multiusos no que tamén se dan concertos. Esta é unha evolución histórica que non se produciu en ningún outro país europeo.

Iso no que toca a espazos, e de ofertas musicais como estamos?

Tamén recibiron un impulso grandísimo. En 25 anos multiplicáronse os festivais e pasamos de tres orquestras a corenta. Ademais, en cada cidade existen novas orquestras que permiten practicar a música e reforzar a formación que se dá nos conservatorios, o que contribúe a elevar a formación teórico-práctica dos alumnos. As grandes figuras da música achéganse hoxe ao noso país e admiran as súas magníficas salas, porque é algo que non hai agora mesmo, nin en Grecia, nin en Italia, nin en Francia,

Nos últimos vinte anos déronse alancadas no ámbito musical: construíronse auditorios, creáronse novas orquestras e multiplicáronse os festivais

nin en Portugal. Unicamente se poden equiparar ao noso momento musical Holanda, Alemaña e algúns dos países nórdicos. Coido, polo tanto, que España abandonou definitivamente o complexo que viña arrastrando.

Referiuse aos conservatorios, cre que nestes momentos están a ofrecerlle ao alumnado a formación musical que se agarda deles?

Os conservatorios tamén experimentaron unha grande melloría nos últimos anos. Penso que a LOXSE foi unha boa lei. É unha mágoa que non se puidese aplicar en todas as súas dimensións por falta de recursos económicos. Desexaríamos dispoñer de conservatorios máis modernos, con todo tipo de instalacións e profesorado formado para aplicar eses recursos. En calquera caso, as reformas e todos os procesos de ensino, non experimentan unha evolución en dous ou tres anos, senón que se necesitan décadas. O certo é que, na actualidade, se están apoiando moito as súas iniciativas, achegáronse os medios sinfónicos aos mozos, mesmo se probou o bacharelato de música nalgunhas localidades e agora comézase a integrar nos propios conservatorios.

Considera axeitado que os estudos de música formen parte desas ensinanzas consideradas especiais?

Creo que iso non nos beneficia. Nos meus anos de estudante, houbo un intento de pasar os conservatorios á universidade, pero fracasou. Daquela argumentábase que os estudos de música eran tan especiais que debían permanecer separados. Foi un grave erro que estamos pagando aínda hoxe, porque a música, como carreira universitaria, adquiriría máis categoría e maior solidez en canto ao sistema de estudo.

Os sons están escritos nun papel, pero é o intérprete quen ten a potestade de darlles vida

É evidente o que lle achegou profesionalmente a música, pero que significou no eido persoal?

É o meu modo de vida, non só porque vivo dela, senón porque é o que sempre soñei. A miña vocación tivena clara dende pequeno. Pasei a maior parte da miña infancia interno nun colexio de frades dominicos. Alí conviviamos nenos pobres de familias sen recursos, e tiven a fortuna de que naquel colexio a música ocupase un lugar moi destacado nas tarefas escolares. Era unha materia moi ben considerada e tiña o mesmo rango que a Historia, as Matemáticas ou a Xeografía; dende logo, non era unha "maría", senón que gozaba da mesma importancia que as demais. Naquel ambiente, á parte de aprender dun xeito moi sistemático e preciso, sentíame en-



volto polo entusiasmo necesario para facer da música a miña vida e razón de ser.

Logo a escola xoga un papel importante en todo isto...

Absolutamente. A música debe valorarse polo que representa para o ser humano e, polo tanto, hai que estudala, practicala e facela co outro. En realidade, só se pode estudar ben executándoa.. Os sons están escritos nun papel, pero é o intérprete o que ten a postestade de darlles vida. Isto é como un texto, unha cousa é lelo e outra moi distinta interpretalo, enchecho de impresións, de ideas, de conceptos e de intencións.

Imaxino que tamén hai que aprender a amala...

Naturalmente, a amala e a com-

partila. A música é un labor de equipo e cantar en grupo é moi importante. Os poucos colexios que a practicaban cando eu era estudante, eran os de frades e algúns de monxas. Moitos tiñan a teima de limitar o acceso ao canto a aqueles que dispoñían dun bo ton. Era frecuente escoitar: "Ti, rapaz, cala, que non tes oído". Así deixaron medio país traumatizado e hoxe case nin nos atrevemos a abrir a boca para cantar. Somos pouco cantareiros, sentimos certo pudor a mostrarnos nestes mesteres.

Queda claro o papel da escola, pero que ten que ver a familia?

Tamén é moi importante. En España non houbo a tradición musical dos países de Leste, por exemplo. Alí cando hai un músico na familia, estes estudos convértense en

prioritarios para os seus fillos e non escatiman esforzos á hora de proporcionarlles unha formación sólida. Eu isto obsérvoos cos músicos rusos, romaneses, húngaros ou polacos, que teñen fixación porque os seus fillos estuden e fan verdadeiros sacrificios para conseguilo.

Será que aquí, no eido social, tampouco goza de moito recoñecemento?

Hai unha frase que clarifica isto. Cando eu comezaba a estudar escoitábase adoito "ti que estudas?", se respondías, "Música", o seguinte era "e que máis?" Hoxe podemos darlle a volta á frase: "ti que estudas?", "Dereito", "e que máis?" A verdade é que hoxe os rapaces e as rapazas estudan disciplinas máis alá do obrigatorio e, entre esas disciplinas está a Música, que, como dixen anterior-

mente, cada vez est ms presente nas cidades e nas vilas.

Como se atrae os mozos cara  msica clsica?

 difcil, e curiosamente a meirande dificultade atopmola entre os universitarios. Eu tiven varias experiencias deste tipo. Unha delas hai dezaeito ou vinte anos, cando era director da Sinfnica de Tenerife. Al preparaba concertos de grande calidade para mozos, con artistas de altura mundial. Facmoslos no parainfo da Universidade de La Laguna, un teatro cunha acstica formidable e con capacidade para unhas 700 persoas. Naqueles momentos haba un vicerreitor de Extensin Cultural que non sei como o faca, pero tiamos tanto pblico que o local se poa a rebordar. Era realmente

gratificante ver o escenario rodeado de rapaces en vaqueiros, sentados no chan e case rozando os msicos. Os concertos eran gratutos e aquel vicerreitor conseguiu mobilizar os alumnos arredor da msica. Logo vieron outros e ocorra o contrario. Isto lvame a pensar que a clave est na comunicacin, en como fago chegar a msica a todos os pblicos, e non s aos ms formados.

Pode dar algunha pista sobre como facelo?

O primeiro sera descubrir que a msica clsica non leva ao fasto, senn a algo belo e entretido; que a travs dela se poden observar moitos mundos. Un exemplo tmolo nas vodas de Fgaro, de Mozart. Os seus personaxes, de hai douscentos anos, pdense

identificar perfectamente en moitos homes e mulleres de hoxe. Hai un momento no que Fgaro canta moi enfadado contra as mulleres e, finalmente, di: "e o resto xa non o digo porque cada un sabe o que  o resto". E que pasa logo?, pois que soan as trompas, que son os cornos [papapapam papapam, papapaaam...] nas sas variadas acepcins. Como ve, se algun ensina a escoitar a msica deste xeito, se se ensina a ver ms al, a cousa empeza a ser moi interesante. Pasa con todas as parcelas do saber. A min de neno, ensinronme a comentar un texto, a descubrir que hai detrs das palabras. Oxal me aprendesen a descubrir iso mesmo na pintura.



Que consello lle daría, pois, ao profesorado de Música?

Que ensinen a escoitar música. Eu cando tiña que gañar a vida para poder estudar, deilles clase a rapazas de trece e catorce anos. Entón tiñan un libro de texto que as obrigaba a aprender a vida de Mozart, de Beethoven, etc. O primeiro día de clase díxenlles que podían deixar o libro nas súas casas e que, no seu lugar, debían traer a música que máis lles gustaba. Como é lóxico, viñeron cun repertorio limitado a grupos modernos. Dedicámoslle un momentíño a escoitar algunha das melodías e deseguido propúxenlles descubrir como se fixera aquela música, como lograran que soase daquel modo. Pasado un tempo descubrían cal era o primeiro tema, o segundo; o desenvolvemento...

dunha sinfonía!!! Esta é unha maneira de abrir as súas antenas e, pouco a pouco, vanse decatando de que ir a un concerto é ir descubrir cousas: ideas, cores...

Para ser un bo músico son suficientes a vocación e a constancia ou necesítase algo máis?

Está claro que algo de talento hai que ter, pero logo hai que formarse. Isto ocorre en todas as profesións. O médico debe dispoñer de moitos coñecementos para curar os enfermos, pero se non sente amor polas persoas, non será nunca un bo profesional; de igual xeito que o político debe sentir o desexo de cambiar e mellorar a vida dos cidadáns. Ora ben, na música a formación é fundamen-

tal. Eu traballei moito con Alicia de Larrocha, a nosa gran pianista. Esta muller, con case setenta anos, estudaba cinco ou seis horas diarias e, se algún día non podía facelo, dicía "hoxe non estou católica"... O que quero dicir é que na música hai unha parte mecánica que hai que ter ben engraxada, e iso significa horas e horas de estudo, non só cando se é novo, senón ao longo de toda a vida. En calquera caso, o sacrificio que comporta o traballo diario, vese compensado coa maxia que encerra o feito de descubrir que hai detrás das notas, e iso é, precisamente, o que non se adoita ensinar.

Hai que axudar a descubrir que a música clásica non leva ao fastío, senón a algo belo e entretido, e que a través dela se poden observar moitos mundos





A vostede aprendéronlle así?

Si. Eu tiven a fortuna de aprender isto no meu colexio de frades. A miña primeira clase de piano foi tan interesante, que non a esquecerrei xamais. O profesor colocoume as mans no teclado, colleume este dedo [eleva o índice dereito co índice esquerdo mentres mantén a man en posición correcta para tocar] e díxome: “agora déixao caer”. Cando o meu dedo caeu sobre a tecla, soou unha nota, e el engadiu: “Soou, pero non falou e ten que falar”. “Hai que descubrir en que consiste que o piano fale e conseguir, ademais, que diga algo fermoso”. Esa preocupación porque cada son teña algo que dicir implica moitas cousas. Se nesas horas de estudo sacrificado, se busca o xeito de facer que as notas falen, o traballo convértese en paixón pola música.

Así se chega a ser considerado como un dos directores de orquestra máis importantes do panorama español, como é o seu caso.

Non, eu iso non o creo. Son un músico que trata de vivir en harmonía coa música. Síntome afortunado porque as institucións me deron a súa confianza para facer unha orquestra, primeiro en Asturias, logo en Tenerife e agora na Coruña. Con esta confianza outorgouseme a capacidade para elixir os músicos e para decidir os programas. E estou moi satisfeito, sobre todo coas dúas últimas orquestras, a de Tenerife e a Sinfónica de Galicia, que é a que agora dirixo. As dúas están situadas nun altísimo nivel en España e son perfectamente equiparables ás mellores orquestras europeas. Isto hai uns anos era impensable.

Que lle deu maior satisfacción a súa faceta de director ou a de intérprete?

A verdade é que ambas as dúas van moi unidas pero, se como director se entende construtor, é dicir, facer dúas orquestras de gran calidade, sen dúbida, é isto o que máis satisfacción me reportou. Pero non se trata só de construír

Cando se busca o xeito de facer que as notas falen, o traballo que esixe a música convértese en paixón

unha orquestra, de darlle forma e personalidade propia, senón que hai que interpretar. Neste sentido podo dicir que pasamos por todas as sinfonías de Beethoven, Schumann, Mozart, Rossini, Wagner, Schubert, Sibelius, Mahler, Shostakovich... O ano que vén imos dedicalo a Felix Mendelssohn, xa que se festexa o seu bicentenario, e trataremos de conseguir que a orquestra e o público se mergullen e gocen coa súa música.

Que formación cre que se debería dar no ensino obrigatorio para que cada cidadán poida gozar da boa música?

Aconsello a que eu recibín. Insisto en que era nun colexio pobre, de fillos de mineiros; eu quedara sen pai e a miña nai non tiña recursos. Pero no medio daquela falta de case todo, sentíame rodeado dunha enorme riqueza musical. Cada clase estaba obrigada a facer o seu propio coro, que non era nada simbólico, senón que había unha competición de coros cada trimestre e, á súa vez, existía unha escolanía de voces mixtas. A música alí era algo máis que unha materia, vivíase, cantábase, competíase e os mellores ían á escolanía. Ademais, aprendíannos a tocar a bandurra, o laúde e a guitarra, e tiñamos unha excelente rondalla coa que interpretabamos todo tipo de repertorio, dende a zarzuela a Pa-lestrina a Tomás Luís de Victoria.

Imaxino que esa non sería a tónica en todos os colexios da época...

Ben, era bastante habitual nos colexios de frades: algúns colexios de xesuítas, algúns de dominicos e algúns de escolapios. Digamos que, no medio do deserto absoluto que era a España de Franco, neses centros mantívose o gusto pola música. O franquismo deixou ermo o tema musical. A Franco interesábanlle as bandas de música, especialmente as militares. Dise que nunha ocasión, a Orquesta Nacional de España foi actuar polo seu aniversario. Ao rematar preguntáronlle se lle gustara, e el respondeu: "Si, pero gústame máis con banda". Para el o mundo da orquesta era como moi rocambolesco. Pois neste panorama, foron os frades os que conseguiron manter a chama acesa e pasaron a ser a reserva musical deste país.

Vostede é castelán e leva quince anos en Galicia. Cre que os galegos somos tan líricos como se afirma?

É verdade que o idioma e, sobre todo, o ton dos galegos é un tanto cantaruxeiro. Tamén a paisaxe ten un aspecto moi romántico e a poesía galega vai cargada de saudade, de morriña. Todo iso configura, sen dúbida, unha maneira de ser. Sexa como sexa, o certo é que na Coruña, concretamente, hai unha importantísima tradición lírica. Durante moitos anos pasaron por aquí compañías importantes que ían de camiño a América. Recalaban na cidade e facían a última noite e a súa función no teatro para pagar o aloxamento e continuar a súa viaxe. De maneira que pola Coruña pasaron infinidade de artistas líricos e compañías de teatro, de zarzuela e de ópera.

A música é a linguaxe universal, tópico ou realidade?

A música é unha linguaxe que todos entendemos, porque son sentimentos os que produce ao final e, ás veces, unha melodía consegue transmitir mellor as ideas, os estados de ánimo ou as emocións. Nese sentido é a linguaxe máis pura e, polo tanto, a máis universal.



Alguns dos seus discos

- Sinfonía número 7 de Anton Bruckner.
- Stabat Mater de Pergolesi, nunha marabillosa interpretación de Antonio Florio con La Capella d' Turchini.
- Negra sombra. Canción galega cantada por Luz Casal.
- Segunda sinfonía de Mahler.
- Concerto de Aranjuez para DECCA, último disco da Orquesta Sinfónica de Galicia.

A cordialidade do mestre

A imaxe de divo que a miúdo vai unida á figura dos grandes da música esvaécese nada máis velo. Víctor Pablo é unha persoa afable, próxima e capaz de conseguir que o seu interlocutor se sinta cómodo. Atopámolo en plena tempada de concertos e sabemos dos seus esforzos para dedicarnos un tempo na súa apertada axenda, algo ao que el lle resta importancia. Franco e aberto como bo castelán nacido en Burgos, cóntanos que se sentiu atraído pola música dende unha idade moi temperá. Estuda no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid, na Hochschule für Musik de Munich e en centros de Italia e Austria. Foi director de Ópera e Concertación da Escuela Superior de Canto de Madrid e dirixiu as orquestras sinfónicas de Asturias, Tenerife e Galicia, desta última é director na actualidade. Conta cunha importante actividade discográfica. Como convidado dirixiu, entre outras, as orquestras Philharmonia de Londres, a Royal Philharmonic Orchestra, ou a Filharmónica de Munich e Dresden. Participou en festivais internacionais e debutou, con extraordinario éxito de crítica, no Teatro Real de Madrid e no Grande Teatre del Liceu de Barcelona. Ademais de reunir importantes premios, posúe a Medalla de Ouro ás Belas Artes. Unha traxectoria profesional que non conseguiu crebar a súa actitude de humildade ante a vida, unha humildade que aos nosos ollos o converte en máis grande, se cabe.